



## COMISIÓN TÉCNICA EMPREGO E TEMPORALIDADE 15-02-2011

### **Oferta Empleo Público Admón. do Estado 2011**

Por parte da CIG, plantexamos as seguintes cuestións respecto do contido do borrador de Real Decreto de Oferta de Empleo Público proposto por Función Pública para o ano 2011.

En canto á **Oferta Libre**, plantexamos a nosa discrepancia respecto de vincular a Oferta de Empleo aos plans de axuste orzamentario; por este motivo non podemos admitir a limitación imposta á taxa de reposición de efectivos, establecida polo Parlamento do Estado nun 10 % das baixas. Dun total de 6.300 postos que quedaron vacantes no ano 2010, únicamente convocarán a oferta libre 633; isto suporá unha perda de máis de 5.700 efectivos. Como alternativa, plantexamos a posibilidade de desvincular a limitación do 10% á creación de novos servicios ou á ampliación dos xa existentes, vinculando a distribución destes postos ás necesidades de xestión. Isto permitiría o cumprimento dos acordos acadados nos distintos ámbitos delegados, así como a posibilidade de atender os servicios públicos dun xeito máis eficaz.

A proposta de 320 postos para convocar nos distintos procesos de **promoción interna**, parécenos insuficiente; frustrando as expectativas de promoción xeradas nas distintas categorías de persoal nestes últimos anos. Consideramos inxusto aplicar á promoción interna os mesmos criterios economicistas da oferta libre; o feito de que se reclasifique ou amortice o posto que viña ocupando a persoa que promociona permítelle, á administración, afrontar estes procesos cun custo mínimo. Propomos un incremento das plazas que se convoquen, e que se distribúan de xeito que poida participar o persoal funcionario e laboral da totalidade dos grupos de titulación.

As restriccións impostas á **provisión de postos** por concurso traerá como consecuencia restriccións á mobilidade voluntaria do persoal; provocarán que o sistema ordinario (concurso de méritos) acabe sendo marxinal; obrigando a unha provisión de postos *“preferentemente mediante el cambio de adscripción de puestos, la redistribución de efectivos y la atribución temporal de funciones”*; modalidades ás que podemos engadir ás Comisións de Servicios e as Adscripcións Provisionais, que pasaron de ser sistemas extraordinarios a ser o procedemento máis común á hora da provisión de postos.

Outros dos **aspectos preocupantes** do contido no texto do Real Decreto que aprobará o Consello de Ministros, é a alusión feita no preámbulo a destinar preferentemente a oferta de ingreso libre ao persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2, *“conforme a la distribución competencial atribuida a la AGE en el marco del modelo constitucional”*. Osea que



# NOTA INFORMATIVA

consideran que os únicos imprescindibles son os corpos e escalas adscritos a estes grupos; as funcións exercidas polo resto da “tropa” serán susceptibles de precarizar (contratación de interinos e eventuais en función das necesidades), ou directamente privatizables por medio da externalización dos servizos.

Como xa agardábamos, ningunha das propostas feitas foron aceptadas pola administración; limitada polo establecido na Lei de Orzamentos do Estado diron por rematada a negociación coa seguinte **proposta de distribución**:

**OFERTA LIBRE: 633 postos** a convocar coa seguinte distribución

Grupo A1	56,70%	359 plazas
Grupo A2	33,00%	209 plazas
Grupo C1	8,30%	53 plazas *
Discapacitados Intelectuais	2,00%	12 plazas

\* Ante a insistencia da parte social, a administración recoñeceu que este dato podería variar. Atendendo aos acordos suscritos nalgúns organismos (especialmente Institucións Penitenciarias), admitiron que sería o Consello de Ministros o que dixese a derradeira palabra.

**PROMOCIÓN INTERNA:** Finalmente, a Administración incrementou ate **450** o número de postos a convocar nos distintos procesos, condicionando que un determinado número deles se fixese a corpos xerais (os que controla función pública), coa seguinte distribución.

Grupo A1	15,00%	15 para corpo xeral
Grupo A2	25,00%	55 para corpo xeral
Grupo C1	37,90%	114 para corpo xeral
Grupo C2	22,10%	100 para corpo xeral

A Coruña, 15 de febreiro de 2011.